

Prazas de persoal asesor na Consellería, SFP, CFR e CAFI

O carácter negociador da Consellaría queda claro cando nin sequera asisten á mesa sectorial as persoas responsábeis da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, responsábeis das ordes das que pasamos a falar.

Aspectos comúns ás dúas convocatorias

Como en anteriores convocatorias, reclamamos que ambas ordes veñan con tempo á Mesa Sectorial e tamén como outras veces a nosa petición segue sen atenderse. **A demora nestas convocatorias** incide no CADP xa que no momento en que este se convoque non estarán nomeadas as persoas que obteñan as comisións de servizo de asesorías e, polo tanto, non incluírá as vacantes que estas xeren.

A CIG-Ensino esixe que a Consellaría nos traslade unha **listaxe de postos de persoal asesor** da Consellaría e de Formación do profesorado existentes. Queremos saber tamén cales están cubertos, desde cando,

que persoas asesoras sobordaron os 6 anos e deben presentarse de novo en caso de querer continuar no posto e en cales asesorías hai vacantes. A actitude da Consellaría negándose repetidamente á nosa petición é unha mostra de pouca transparencia. Por poñer algún exemplo, o pasado curso ofertábase unha praza de asesoría de programas educativos para a igualdade de homes e mulleres, neste curso xa non; gustaríanos saber se hai unha única asesoría para todo o País nesta materia. Tampouco

sabemos cantas asesorías se dedican á normalización lingüística, no pasado curso ofertábanse 6 relacionadas coa lingua e neste, 1 da que tivemos coñecemento o día anterior á mesa de maneira improvisada; cantas existen realmente?

En canto á **entrevista**, insistimos en que se debe eliminar en ambas convocatorias xa que serve unicamente para afondar na subxectividade á que xa se presta o propio proxecto. Outórganse así prazas conforme a criterios que van máis alá da valoración obxectiva de méritos. Mostra disto é que moitas prazas

Para evitar a sospeitosa libre designación, propoñemos que se confeccione unha listaxe de substitucións para estes postos

quedan sen cubrir na convocatoria e acaban sendo cubertas a dedo pola Administración.

Para evitar esta sospeitosa libre designación, propoñemos que se confeccione unha listaxe de substitucións para estes postos. Non o aceptan.

No caso de que as listaxes non foran suficientes e non houberse ninguén para optar ao posto, esiximos transparencia e publicidade, contando como mínimo co control sindical no caso de nomeamentos en comisión de servizos. En última instancia, un nomeamento destas características ten que ser extraordinario e por un prazo improrrogábel de 1 curso de maneira que a praza saia a concurso na convocatoria do curso seguinte. **Non o aceptan.**

A CIG-Ensino considera que é necesaria a publicación dos **criterios de avaliación** anual para saber se a persoa asesora vai continuar ou non no seu posto. **Non o aceptan.**

No caso da convocatoria de asesorías de formación nin sequer se menciona quen vai realizar esa avaliación.

Na orde de persoal asesor da Consellería indícase que esta avaliación será realizada por “unha comisión coa mesma composición da comisión de selección”. A esta pode asistir co voz e sen voto unha persoa en representación dos sindicatos que forman parte da mesa sectorial; a CIG-Ensino, cando

menos, nunca foi convocada para tal comisión.

Cremos que se lle atribúe un peso excesivo aos **proxectos** e que a nota mínima debería ser de 2 puntos no canto de 3. **Non o aceptan.**

Por outro lado, consideramos fundamental a **menção explícita dos criterios de avaliación** que se aplicarán neses proxectos, isto incidiría nunha mellor orientación para o profesorado aspirante e nunha maior transparencia con respecto á puntuación recibida. Outro aspecto a ter en conta con relación aos proxectos é que se debe requirir en ambas convocatorias a competencia en lingua galega e a necesidade de presentalos na nosa lingua. **Non o aceptan.**

As **comisións de selección** deben estar

integradas por docentes especialistas e non

exclusivamente por cargos político-administrativos.

Nas dúas

convocatorias, cando se fai alusión á

presenza dun ou

dunha representante

sindical nas posibles

subcomisións, indícase

que se “poderá nomear” ou que “poderán asistir”. Desde a

CIG-Ensino sempre mostramos a

nosa dispoñibilidade de asistir a estas

subcomisións en aras dunha maior

transparencia, porén non recordamos que se nos convocase en ningunha ocasión.

Polo que se refire aos **criterios de desempate**, entendemos que se debe recorrer primeiramente á antigüidade, logo á formación e finalmente ao proxecto. Nas

**Débese
eliminar a entrevista
en ambas convocatorias
xa que serve unicamente
para afondar na
subxectividade**

convocatorias, aparece en primeira instancia a entrevista o cal redunda totalmente na subxectividade no momento de decantarse por unha persoa ou outra para a praza.

En relación á **presentación de solicitudes**, estamos de acordo en que o proceso sexa por vía presencial, mais salientamos a contradición na que cae a propia Consellería cando impide esta modalidade noutras convocatorias (CADP, oposicións, CXT). Apostamos pola libre opción das persoas aspirantes.

Asesorías de dirección de centros de formación dos CFRs e asesorías do SFP, CAFI e CFRs

Na introdución da orde faise alusión a que os CFRs contarán cunha persoa responsable do centro e representante da Administración educativa: o “director”; esiximos que se corrixa a linguaxe sexista.

Artigo 2

Parécenos excesivo o requisito de cinco anos de experiencia docente para desempeñar as direccións dos CFRs.

Artigo 3

Este artigo debería eliminarse e trasladar os perfís mencionados (sólida formación científica, dominio de tecnoloxías, coordinación de grupos, etc.) ao apartado de requisitos acompañados da titulación que demostre obxectivamente tales “perfís”. Tal como aparecen, préstanse a unha subxectividade absoluta.

Na disposición adicional segunda, no apartado 5 consta que “as actividades de formación do profesorado a partir do 23 de maio deberán cumprir co establecido na Orde do 14 de maio de 2013...” Pedimos que a

Administración nos aclare que quere dicir “a partir do 23 de maio”. **Aceptan o erro, e din que é 23 de maio de 2013.**

Anexo II

Solicitamos que todas as prazas do SFP sexan abertas a todos os corpos, non entendemos por que se fai unha excepción no caso da praza de rexistro de formación.

Nas prazas de “Coordinación de actividades centralizadas” e “Formación e Innovación”, aparece un perfil que dificilmente se pode acadar sen estar previamente ocupando unha praza deste tipo: “experiencia na organización e xestión de proxectos e programas”, “experiencia en dirección e xestión de procesos de formación”. Xogan, polo tanto, con total desvantaxe as persoas que non participaron nestes concursos ou que non foron designadas nominalmente pola Consellería.

Nos cadros deste anexo, en consecuencia co comentado respecto do artigo 3, debería substituír a columna de perfil por outra de requisitos coas titulacións pertinentes. Como se non se vai demostrar, por poñer un exemplo un “amplo coñecemento de ferramentas informáticas de desenvolvemento e explotación de sistemas informáticos e de comunicación”? Váiselle facer un exame durante a entrevista á persoa aspirante?

Anexo IV

Non se inclúe un contido para proxectos de dirección para o que si sae ofertada unha praza. A descrición dos contidos deste proxecto si aparecen en convocatorias anteriores como a de 2012. **Van incluír os contidos dos proxectos de dirección.**

BAREMO.

Solicitamos que se elimine o apartado 1.2 referido á condición de “catedráticos” porque non vemos a relación que ten co desempeño dunha asesoría. De manterse, esiximos, de novo a corrección da linguaxe sexista.

En canto ao apartado 2.2. cremos que se debe incrementar a puntuación pola impartición de cursos relacionados coa praza á que se opta. Débese pasar de 0,15 a 0,2 por cada 10 horas.

O apartado 3 relativo á experiencia na xestión educativa débese eliminar. Unicamente tería sentido esta puntuación para prazas relacionadas directamente coa función directiva ou a organización escolar e a diversidade.

No apartado 4 débese **incluír a todo o funcionariado, non só o de carreira.**

Aceptado.

Tamén se debe incrementar a puntuación por este mérito de 3 a 6 puntos e computar 0,5 puntos por ano traballado en lugar de 0,20.

Asesorías na Consellería

Artigo 2

Débese substituír “persoal funcionario de carreira” por “servizos prestados”.

Anexo I

Desde a CIG-Ensino advertimos que os perfís das prazas carecen de unidade de criterio, en certos casos requírense coñecementos informáticos ou de lexislación pero non se especifica como se van

avaliar. Débense esixir como

requisitos as titulacións existentes e non “coñecementos” ou “experiencias” imposibles de avaliar obxectivamente.

Baremo

No apartado 1, débese incrementar a puntuación total por servizos prestados de 5 a 6 puntos.

No apartado 3.2., a impartición de cursos debe puntuarse 0,2 puntos por cada 10 horas.

Débese suprimir o apartado 4 referido a méritos por postos na Administración porque supón un agravio comparativo para aquelas persoas que nunca desempeñaran este tipo de postos.

Aceptan
unha revisión na
utilización da
linguaxe sexista
nas ordes

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal